Compostela, 12-V-69

Querido Luis:

Deloutro día do enterro da miña nai tiven que coller o avión pra Barcelona pra asistir a unha xuntanza das Academias. Demorei alá algúns días e, de volta, tamén demorei en Madrid. Cando cheguei a Compostela, agardábanme os mensaxes de condoencia amistosa que foran chegando durante a miña ausencia.

Emocionoume moito a tua carta pola sua sobria e fonda sinceridade. Cando xa se cumpliron os 50 anos un vaille dando cada vez máis valor á sinceridade amistosa e cada vez menos valor ás vixencias convencionás.

Agradezo de todo corazón as tuas liñas.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón